

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO ACORDO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA, O CONSELLO XERAL DO NOTARIDO E O ILUSTRE COLEXIO NOTARIAL DE GALICIA PARA A SUBMINISTRACIÓN A EFECTOS TRIBUTARIOS DA FICHA RESUMEN E DA COPIA ELECTRÓNICA DE DOCUMENTOS NOTARIAIS

A Sra. Directora da Axencia Tributaria de Galicia **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia, o Consello Xeral do Notariado e o Ilustre Colexio Notarial de Galicia acordan formalizar un Convenio de Colaboración por un período de vixencia de catro anos a contar dende a data da súa sinatura con posibilidade de prorrogarse por un período de catro anos adicionais por mutuo acordo das partes.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer un marco de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia (en diante Atriga), o Consello Xeral do Notariado e o Colexio Notarial de Galicia e fixar os termos e condicións en que os Notarios, utilizando as novas tecnoloxías da información, poidan realizar actuacións ante a Atriga, por conta dos obrigados tributarios que interviñesen na súa notaria, así como o desenvolvemento das obrigacións formais establecidas no artigo 32 do Texto Refundido das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do art. 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do acordo que se pretende.

Asinado dixitalmente
A directora da Axencia Tributaria de Galicia
M^a Victoria González Vázquez

